

**TEÑO ALGO IMPORTANTE QUE DICIR**Oscar Pereiro  
ciclistaEdición xestionada  
por [Vieiros e o  
Colexio de  
Xornalistas de Galicia](#)

FORO

A sección onde  
deixares [as túas  
opinións,](#)  
comentarios ou  
suxestións e debater  
con outros  
internautas.**fwworando**OITO DE CADA DEZ PROFESORES UNIVERSITARIOS EMPREGAN AS  
TIC NO SEU LABOR

## O 36% dos traballadores que reciben formación fano a través das novas tecnoloxías

[28/07/2006 12:55] A formación presencial é aínda claramente maioritaria entre os cursos polos que as empresas optan para a ampliación de coñecementos dos seus traballadores, malia que o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación vai avanzando, segundo recolle o recente estudo do [Observatorio Galego de e-learning](#), baixo o título "Estado do e-learning en Galiza: Análise na universidade e na empresa". O informe tamén se ocupa do emprego das TIC na universidade galega, atopando que correo electrónico ou internet son habituais no cotiá do profesorado, malia que o aproveitamento das tecnoloxías máis aló deses recursos básicos é aínda moi baixo.

No ámbito empresarial, o estudo atopou que as empresas veñen identificando a e-aprendizaxe como un factor de optimización dos seus investimentos na formación dos empregados, aínda que se aputnan que se cadra "o asentamento maioritario de pequenas e medianas empresas en Galiza limita considerablemente as cifras de penetración das TIC neste sector, dado os seus reducidos recursos".

Deica agora, dos empregados que recibiron formación, só o 36% fixérono a través de ferramentas de e-learning. Porén, das empresas que din optar por ferramentas tecnolóxicas de aprendizaxe, o 90% recoñece usar fundamentalmente a modalidade presencial, por un 42% que bota man da modalidade totalmente a distancia. A formación nas propias TIC é o obxecto da maior parte dos cursos, o 44%. A continuación aparecen a prevención de riscos laborais, 29%; calidade, 26%; e produtos propios da empresa, 25%.

Por outro lado, no ámbito universitario galego, un 78% do profesorado asegura empregar as TIC na súa práctica docente de xeito habitual. Así e todo, ao mirar o detalle desa utilización detéctase que son o correo electrónico, nun 81% dos casos, e a navegación en internet, un 77%, os recursos habituais, mentres que un 52% di ter web docente. "O aproveitamento íntegro de todas as posibilidades que ofrecen as TIC, materializadas por exemplo na utilización de campus virtuais, é, pola contra, aínda baixa, debido ao maior grao de formación que requiren", recolle o informe.

De xeito paralelo, destácase que o crecemento do e-learning vén xerando un tecido empresarial de provedores deste tipo de servizos, de xeito que na actualidade existen xa 40 empresas que ofertan algún tipo de formación desta clase, a maioría delas no eixo Vigo-A Coruña. Nesa liña, o pronóstico do Observatorio para o sector é "moi favorable" e os datos recollidos agárdase que sirvan para a creación dunha *Rede Galega de e-learning*, que será "espazo de encontro e de xeración e intercambio de información, onde persoas interesadas neste campo poidan contactar con

outros profesionais do sector, de tal forma que poidan compartir experiencias innovadoras, emprender accións conxuntas e formar un colectivo de referencia sobre e-learning na nosa comunidade".

Ligazóns relacionadas:

- ❑ [O informe completo \(.pdf\)](#)
- ❑ [Resumo do informe \(.pdf\)](#)

-----  
OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Os wikipedistas debaten o futuro da enciclopedia libre](#)
- ❑ [Por que as escolas deberían usar exclusivamente software libre](#)
- ❑ [Que esperamos da administración electrónica?](#)
- ❑ [Redes municipais sen fíos xestionadas por colectivos sociais?](#)
- ❑ [A facenda portuguesa pon en liña unha lista de morosos](#)
- ❑ [Contempla a catedral como un peregrino do século XII](#)
- ❑ [Os que nos deixamos copiar](#)
- ❑ [O goberno canario e Google limpan o litoral de caos urbanístico](#)
- ❑ [Organizando contidos co 'Joomla' agora en galego](#)
- ❑ [Folga de 'móviles caídos' na Argentina](#)

© Vieiros